



www.3rfish.org

# 3R FISH



**MODELO DE XESTIÓN INTEGRADA  
PARA A RECUPERACIÓN E  
RECICLAXE DOS RESIDUOS SÓLIDOS  
PROPIOS DAS ACTIVIDADES  
PESQUEIRAS E PORTUARIAS**

(LIFE07ENV/E/000814)



Coa contribución do instrumento  
financieiro LIFE da Comunidade Europea



Puerto de Marín  
Autoridad Portuaria de Marín  
y Ria de Pontevedra



Universidade da Coruña  
Grupo de Polímeros



Technological  
Center  
LEITAT



PIASTMAR

**MODELO DE XESTIÓN INTEGRADA  
PARA A RECUPERACIÓN E  
RECICLAXE DOS RESIDUOS SÓLIDOS  
PROPIOS DAS ACTIVIDADES  
PESQUEIRAS E PORTUARIAS**

(LIFE07ENV/E/000814)



## 3RFISH

**3R FISH** é un proxecto co-finanzado mediante o programa europeo **LIFE +** enmarcado na liña de acción de **Política Ambiental e Gobernanza 2007**, a implementar durante o período 2009-2011.

O **obxectivo principal** é a mellora da calidade das augas e fondos mariños, mediante a correcta utilización e reciclaxe dos aparellos e dispositivos usados no sector pesqueiro, para facer da pesca unha actividade máis integrada e respectuosa co medio mariño, recurso e escenario das súas tarefas profesionais. Cunha adecuada xestión dos residuos xerados polas actividades pesqueiras e portuarias reducirase o seu impacto no medio, contribuíndo así a fomentar o seu desenvolvemento sostible.



O proxecto 3R FISH céntrase en tres dos principais residuos xerados na actividade pesqueira e portuaria, as redes fora de uso, as caixas de poliespán e as pilas e artefactos lumínicos, todos eles importantes tanto polo seu volume coma polo impacto que provocan no medio mariño. Para cada un destes residuos farase unha experiencia piloto de recollida e xestión en portos pesqueiros galegos e portugueses, que será posteriormente avaliada técnica e economicamente de cara á potencial implantación do sistema de xestión de residuos na rede portuaria de Galicia e Portugal.

Como **resultado global e obxectivo final**, espérase reducir a vertedura dos principais residuos sólidos da actividade pesqueira ao medio mariño, a súa correcta xestión en terra, amais da súa posta en valor de forma innovadora e sustentable, tanto económica como ambientalmente.